

Historia da lingua galega entre 1978 e a actualidade. Construción da variante estándar do galego; interferencias e desviacións lingüísticas.

Índice

- 1.- Historia da lingua galega entre 1978 e a actualidade.
 - 1.1.- Características lingüísticas do galego actual.
 - 1.2.- Ámbitos de uso.
 - 1.2.1.- Ámbito institucional.
 - 1.2.2.- Grupos políticos.
 - 1.2.3.- Xustiza.
 - 1.2.4.- Medios de comunicación.
 - 1.2.5.- Internet.
 - 1.2.6.- Publicidade.
 - 1.2.7.- Ámbito laboral e empresarial.
 - 1.2.8.- Igrexa católica.
 - 1.2.9.- Ámbito cultural.
 - 1.2.10.- Ámbito educativo.
 - 1.3.- Competencia e usos individuais na actualidade.
 - 1.4.- O proceso de normalización lingüística.
 - 1.5.- Lexislación en materia lingüística.
- 2.- Construción da variedade estándar da lingua galega. Interferencias e desviacións lingüísticas.
 - 2.1.- A necesidade dunha variedade estándar.
 - 2.2.- O proceso de normativización do galego moderno.
 - 2.3.- A normativa do galego. Outras tendencias normativizadoras.
 - 2.4.- Interferencias lingüísticas.
 - 2.4.1.- Tipos de interferencias segundo a súa natureza.
 - 2.4.2.- As interferencias directas do castelán. Tipos de castelanismos.
 - 2.4.3.- Outros fenómenos de desviacións da normativa estándar.

1. Historia da lingua galega entre 1936 e 1978.

1.1. Características lingüísticas do galego actual.

Coa chegada da democracia, o galego experimentará dous avances esenciais para o seu afianzamento social como lingua culta: a **oficialización** e a estandarización. A Constitución Española de 1978 declara por primeira vez o galego idioma oficial na nosa comunidade, sendo asumida como lingua de emprego habitual pola maioría das institucións públicas. Outras consecuencias importantes da oficialización son o establecemento da materia de Lingua Galega e Literatura no ensino non universitario (1979) e a aparición de medios de comunicación públicos en galego (en 1985 nace a RTVG).

En 1982 culmínase o longo e dificultoso proceso de **estandarización** do galego coa publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, elaboradas conxuntamente polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega. Aínda que esta normativa non recolle moitas das escollas lingüísticas preferidas por un importante sector que defende un maior achegamento ás normas da lusofonía, logo de dúas revisións sen demasiada transcendencia (en 1995 e en 2003), acaba por imporse de maneira case absoluta.

Ademais do galego estándar, recollido nesa normativa, podemos sinalar a existencia de dous modelos reais de lingua, o espontáneo e o neogalego, que, aínda que posúen características ben diferenciadas, poden aparecer mesturados nun mesmo falante. Ambos están marcados pola influencia do castelán.



O **galego espontáneo** é a modalidade empregada polos galegofalantes que aprenderon a lingua por transmisión xeracional e que non asumen o modelo normativo por descoñecemento e/ou por un rexeitamento consciente, ao consideralo un tipo lingua artificial e mesmo inventado. A maior parte destes falantes non tiveron contacto co galego no sistema educativo. As características lingüísticas desta modalidade son:

- ▶ Enxebreza fónica: pronuncia clara dos sons específicos da lingua galega: a palatal fricativa [ʃ], o *n* velar [ŋ], diferenciación clara das vogais medias abertas [ɛ], [ɔ] e fechadas [e], [o], entoación correcta...
- ▶ Riqueza dialectal, tanto no nivel léxico como no fonolóxico e no morfosintáctico: gheada, seseo, formas gramaticais non normativas nas conxugacións verbais (*estivéchedes, estandes, cantás...*), e no uso pronomes (*il, tu, nosoutros, cheísmo...*), emprego de palabras propias da zona (*felgo, baloca, croque...*)
- ▶ Abundancia de vulgarismos (*lerma, xionllo, acetar...*)
- ▶ Profusión no emprego de castelanismos léxicos (*jueves, noviembre, tenedor, ochenta, pulpo...*)
- ▶ Alternancias de código en situacións lingüísticas precisas (*e entón chegou a outra e aí!, ¡qué bien vestidita que te venía!*).

O **neogalego** é a denominación da variedade empregada polos neofalantes, ou sexa, os falantes que, partindo do castelán como lingua inicial, teñen unha adquisición tardía do galego, a partir do sistema educativo ou da lectura e os medios e comunicación. A pesar de mostraren

unha boa predisposición cara á aceptación da normativa e o emprego efectivo do galego, mostran con frecuencia carencias lingüísticas relevantes. As súas características principais son:

- ▶ Nivel fónico castelanizado: perda de distinción entre as vogais medias, pronuncia despalatalizada do *x*, pronuncia alveolar do *n* ante vogal, liñas melódicas propias da entoación castelá...
- ▶ Rexistamento de vulgarismos e de dialectalismos.
- ▶ Vitalidade de formas recuperadas a través do proceso de estandarización, como *pobo*, *deus*, *tesoiras*, *estrada*, *venres*, *oitenta*... fronte aos castelanismos propios da lingua espontánea.
- ▶ Interferencias morfosintácticas do castelán: no xénero das palabras (**a leite*), na colocación dos clíticos (**o encontrou alí*, ou, por ultracorrección, **porque encontrouno alí*)...
- ▶ Deficiente uso do sistema verbal: descoñecemento do infinitivo conxugado, emprego de tempos compostos (**xa o había feito*) ou uso incorrecto de perífrases verbais (**Tes ido a Lisboa?*)...
- ▶ Interferencias léxicas e fraseolóxicas do castelán: castelanismos por substitución (**habitación* por *cuarto*), calcos do castelán (**chear* por *encher*), frases feitas traducidas directamente do castelán (**estou feito po*), ademais de preferir entre as formas sinónimas aquelas que coinciden co castelán (*crecer* fronte a *medrar*).
- ▶ Presenza de hipergaleguismos: **semán*, **siqueira*, **sincero*...

1.2. Ámbitos de uso.

1.2.1. Ámbito institucional.

A oficialidade do galego supón un importante paso adiante no terreo legal e institucional que afecta positivamente ao proceso de incorporación do galego a todos os campos da sociedade. Esta incorporación á vida oficial de Galiza é unha das principais conquistas do galego coa democracia: recupérase así unha presenza na



esfera administrativa e institucional que non coñecía desde a Idade Media, cumpríndose unha vella reivindicación do galeguismo, especialmente manifestada nas tentativas dos anos 30 durante o período republicano. Isto contribúe a dignificar o idioma e camiñar na superación dunha das súas eivas históricas: a súa identificación exclusiva cos usos orais e familiares.

Hoxe en día o funcionamento administrativo de institucións como a Xunta de Galicia ou o Parlamento Galego desenvólvese habitualmente en lingua galega, cando menos nas relacións escritas (formularios, comunicados, disposicións oficiais...), non correspondéndose en igual medida ás relacións orais por parte do funcionariado e altos cargos. En 1980 créase a

Dirección Xeral de Política Lingüística (hoxe Secretaría Xeral), co obxectivo de fomentar e normalizar o uso social do galego.

Os cambios comentados en relación coa administración autonómica son, no fundamental, aplicábeis aos outros ámbitos da administración local, como os concellos e as deputacións, se ben, polo seu número e dispersión, neste

1.2.2. Grupos políticos.

Polo que respecta ao uso do galego por parte dos partidos políticos, hai que constatar que hoxe a súa actividade pública desenvólvese fundamentalmente en galego. Isto, que empezou por ser unha práctica militante por parte de minorías nacionalistas nas décadas de 1960 e 1970, foi asumido progresivamente polas demais ideoloxías, esencialmente desde o recoñecemento oficial da autonomía galega. Porén, o grao de coherencia no seu uso é moi distinto duns grupos políticos a outros: móvese entre o emprego do galego por unha convicción real de que só se pode defender un país a partir do respecto e valoración da súa propia lingua e o uso populista condicionado por unhas esixencias esencialmente electoralistas.

1.2.3. Xustiza.

É sen dúbida o sector da sociedade no que o emprego do galego está máis restrinxido. Tanto nos documentos públicos e notariais como no rexistro da propiedade e nas vistas orais, a presenza do galego é aínda anecdótica. Cómpre lembrar que o *Código civil* e o *Código penal* non contaron con tradución ao galego até 1989. O dereito do cidadán a desenvolverse en galego no mundo da xustiza vese aínda hoxe en día limitado por numerosos atrancos.

1.2.4. Medios de comunicación.

Os medios de comunicación representan na sociedade de hoxe un dos instrumentos máis poderosos no asentamento dos valores sociais e culturais. Tense afirmado que a realidade non

caso é máis difícil facer consideracións de tipo xeneralizado. Obsérvase, en xeral, nos últimos anos, unha lenta tendencia cara ao uso do galego na documentación oficial (convocatorias, bandos, resolucións, anuncios...), sendo sempre un dos condicionantes máis grandes á hora de que nun organismo de administración local se empregue galego ou castelán a ideoloxía do grupo político predominante.

Estase deste xeito a consolidar entre certos representantes políticos e cargos públicos unha especie de *diglosia invertida*, de características contrarias á tradicional: falan galego nos contextos formalizados (intervencións no parlamento, nas roldas de prensa, perante as cámaras de televisión...) e castelán nos contactos administrativos internos e nos contextos informais. Estes feitos permítennos falar dun uso *ritual* ou *protocolario* ou *litúrxico* do galego para funcións ou circunstancias moi específicas nas que a lingua se considera unha simple cuestión formal. Máis que un sinal de normalización, este comportamento representa un novo risco para unha recuperación real da lingua.



existe se non aparece nos medios. No referente á normalización das linguas, o seu uso nos medios, sobre todo nos máis influentes, é decisivo. Se un idioma non ten presenza nos me-

dios de comunicación, o camiño cara á súa marxinación resulta inevitábel.



PRENSA. Coa chegada da democracia, comezan a proliferar publicacións periódicas de distinta natureza, entre as que destacan *Teima* (a partir de 1976), *A nosa terra* (1977), *Encrucillada* (1977), *Mancomún* (1980) e outras xa máis recentes como *Revista galega de educación*, *Agália*, *Luzes de Galiza* ou *Tempos novos*. Na prensa diaria, a incorporación do galego é realmente escasa. Actualmente non existe ningún xornal de ámbito autonómico escrito integramente en galego, logo da desaparición en 2011 de *Galicia hoxe* (que viña sendo publicado desde maio de 2003 como continuación de *O correo galego*, que existía desde 1994). Ese mesmo ano deixou tamén de publicarse o *Xornal de Galicia*, que presentaba aproximadamente a metade da súa información en galego. No 2010 remataran igualmente a súa vida os semanarios *A nosa terra* e *A peneira* e o xornal dixital *Vieiros*. Actualmente apenas subsisten en idioma galego algunhas publicacións de carácter

1.2.5. Internet.

A aparición das novas tecnoloxías está a supor unha revolución no campo da comunicación da que o galego está participar de xeito cada vez máis activo, presente na actualidade en máis

local de escasa tiraxe e o semanario *Sermos Galicia*, que comezou a editarse en maio de 2012 e que é hoxe en día a principal publicación informativa en galego. A práctica totalidade dos diarios son de expresión castelá, reservando para o galego un espazo case irrelevante, moitas veces identificado só con aspectos relativos á cultura galega.

RADIO E TELEVISIÓN. Polo que respecta á radio e aos medios audiovisuais, que son os que actualmente presentan un maior grao de penetración e influencia na sociedade, a situación non é moi diferente. Despois dos pequenos espazos conquistados na radio (informativos da cadea COPE) ou na TVE en Galiza (*Panorama de Galicia*) a finais dos anos 70, vai ser o novo marco legal o que provoque avances significativos neste ámbito. O Estatuto de Autonomía enuncia como obrigas do goberno a creación de medios de comunicación de titularidade pública que teñan o galego como lingua vehicular. En 1985 comezan a funcionar as cadeas (unha de radio e unha de televisión) de RTVG, que coa chegada da era dixital, se incrementarán coa aparición dunha segunda canle de televisión e outras dúas de radio. Fóra do ámbito da programación da RTVG, o galego practicamente só existe en programacións radiofónicas locais.



de cen mil páxinas (o que supón o posto número 37 no conxunto das linguas do mundo). Os sitios que empregan o galego na rede aumentan e diversifican os seus contidos, tanto en

webs institucionais como privadas, onde se encontran importantes portais como *culturagale-*



1.2.6. Publicidade.

É un dos campos nos que o galego ten aínda un longo percorrido por andar. A pesar de que as enquisas manifestan unha boa disposición do consumidor galego cara á publicidade en galego (catro de cada cinco galegos son partidarios do emprego da nosa lingua nos anuncios publicitarios), as empresas continúan a mostrar un grande receo a deixar de usar o castelán. Obsérvase así que mesmo na programación da TVG o castelán chega a ser predominante. Os vellos prexuízos sobre a incapacidade do galego para sustentar produtos de prestixio está nas causas desta anómala situación. Chega a darse o caso paradoxal de que algunha empresa galega emprega o catalán para anunciarse en Cataluña, pero non usa o galego para os seus anuncios na nosa comuni-

1.2.7. Ámbito laboral e empresarial.

No que se refire ás organizacións empresariais, os usos lingüísticos están condicionados pola composición social e polos hábitos de comportamento da clase á que pertencen os seus integrantes. En xeral, podemos afirmar que o empresarial é un sector historicamente moi remiso ao emprego do idioma galego. Os usos orais e escritos das organizacións empresariais e dos seus representantes son practicamente monolingües en castelán. O mundo da

ga.org publicacións dixitais informativas ou especializadas como *galiciaconfidencial*, *xornalgalia.com*, ou *tempos-dixital.com*.

Un fenómeno de especial vitalidade é a proliferación de centos de blogues nos últimos anos que, empregando o galego como lingua de expresión, abordan as temáticas máis variadas da nosa cultura. Tamén é de grande importancia a progresiva incorporación de numerosos recursos didácticos e culturais, como a Biblioteca Virtual Galega (*bvg.udc.es*) ou a dixitalización de centos de libros da editorial Galaxia por parte de Google Books.

dade. O éxito de certas campañas publicitarias nos últimos anos que reivindican a importancia da identidade galega na venda do produto está a conseguir unha importante revitalización deste sector.



economía e das finanzas, integrado nas estruturas económicas estatais, desenvólvese igualmente case con exclusividade en castelán. Só se ve un certo grao de galeguización nalgúns ámbitos relativos ao contacto co público, como a correspondencia cos clientes ou a publicidade, debidos en boa parte á resposta a iniciativas de normalización do sector promovidas por grupos non institucionais, como a Mesa pola Normalización Lingüística.

1.2.8. Igrexa católica.

No campo da relixión, cómpre salientar que, a pesar de que a Igrexa foi sempre unha institución que se sentiu moi vinculada á sociedade galega, curiosamente foi tamén unha das que se mostrou nos usos lingüísticos máis afastada desa sociedade. Este distanciamento, xa denunciado no século XVIII por Martín Sarmiento, continúa vixente nos nosos días, a pesar da aparición dunha mellor actitude cara ao galego por parte dalgúns sectores máis progresistas do clero e de certas asociacións de cristiáns progresistas. O número de misas que actualmente se celebran en galego non supera o 15%, sendo no ámbito rural onde o castelán é máis predominante. Trátase dunha práctica lingüística aínda máis sorprendente se temos en conta que a inmensa maioría dos cregos gale-


gos (por riba do 80%) declaran ser galegofalantes habituais. Isto demostra que o seu comportamento diglósico responde a unha formación lingüísticamente condicionada pola institución á que representan. Por outro lado, os representantes máximos da xerarquía católica empregan sempre o castelán nas intervencións públicas e nos documentos pastorais.



1.2.9. Ámbito cultural.

Na actualidade, a actividade cultural é un dos sectores nos que o galego experimentou un maior fortalecemento, se ben de maneira moi desigual nos diferentes sectores. Ademais de conservar, case en exclusividade, o seu carácter de vehículo oral da cultura popular, a súa importancia como soporte da cultura escrita foi medrando significativamente nas últimas décadas, aumentando progresivamente á par da creación literaria nos outros ámbitos da cultura: a historiografía, a filosofía, a economía, a pedagogía, etc.

PRODUCCIÓN EDITORIAL. Hoxe existe xa un importante mercado para o libro en galego, fa-



vorecido sen dúbida pola súa consolidación como lingua de cultura e a ruptura de prexuízos que o limitaban a unha simple lingua de expresión literaria. Contribúen positivamente neste proceso o aumento de lectores potenciais en galego a raíz da progresiva implantación da nosa lingua no sistema educativo e nos medios de comunicación. Grazas ao labor das editoriais galegas (entre as que destacan Xerais, Galaxia, A Nosa Terra, Cumio, Sotelo Blanco, Bahía, Laiovento e Positivas) o número de libros publicados en galego foi aumentando de ano en ano (entre 1990 e 2000 duplicouse a edición literaria en galego) até o inicio da crise económica. Actualmente encóntrase estabilizada nuns 1500 títulos novos cada ano. Nas últimas décadas mesmo se chegou a producir un feito ata entón impensábel: a tradución de libros galegos a outras linguas do Estado e do estranxeiro.

Con todo, o castelán segue a ser claramente dominante; non xa na produción editorial que se realiza en Galicia, senón no consumo de libros editados fóra. Unha simple visita a unha librería ou a un ficheiro dunha biblioteca permi-

ten ver a desproporción entre a oferta de libros nunha e noutra lingua. O libro en galego só presenta boas porcentaxes fronte ao castelán na literatura infantil e xuvenil (32,6%) e nos libros de texto escolares (38%). A edición literaria supón o 18,4% dos títulos. Na temática científico-técnica é onde a desproporción é máis grande (unicamente 0,3% de libros editados en galego). O castelán é ademais o idioma no que recibimos a maioría dos libros escritos orixinalmente nas linguas estranxeiras, a pesar de que o número de traducións ao galego medrou considerabelmente nos últimos anos, grazas en boa medida a Edicións Rinoceronte, especializada neste campo.

ESPECTÁCULOS E AUDIOVISUAIS. De crecente importancia na nosa sociedade, a presenza do galego nestes sectores ofrece resultados desiguais. O **teatro**, tradicionalmente moi vinculado á defensa e reivindicación da nosa cultura, consolidouse nas últimas décadas como un dos sectores mellor identificados coa nosa lingua. A práctica totalidade dos grupos



de teatro son de expresión galega, feito que é visto con total normalidade polo público asiduo a este espectáculo.

No **cinema**, a situación é bastante contraria, aínda que está a mellorar considerabelmente nos últimos anos. As escasas ex-

periencias desenvolvidas neste campo, desde as pioneiras *Sempre Xonxa* ou *Continental*, até as máis recentes *Trece badaladas*, *A lingua das bolboretas*, *O lapis do carpinteiro*, *Todos vós sodes capitáns*, *A esmorga* ou *A praia dos afogados* representan intentos interesantes, pero aínda pouco consolidados. Só no cinema de animación o cinema galego presenta niveis sobresaíntes, con producións tan importantes como *O bosque animado*, *O soño dunha noite de San Xoán*, *Pérez*, *o ratiño dos teus soños*,

De profundis, *O apóstolo*, *Engurras* ou *O mago dubidoso*. Por outro lado, é de destacar a case inexistencia de películas de cinema dobradas ao galego, tanto nas salas de exhibición como



nos DVD á venda, a pesar de existir unha demanda real por parte da sociedade. Resulta lamentábel que un sector tan decisivo para que a xente máis nova se familiarice coa nosa lingua estea totalmente desatendido por parte das autoridades teoricamente comprometidas coa normalización do galego.

Mellores resultados ten dado a **produción televisiva**. Se ben a existencia de dúas únicas canles de expresión galega resulta hoxe en día totalmente insuficiente, cómpre destacar o grande seguimento de certos programas de produción propia da TVG nos últimos anos, como algunhas series televisivas ou a programación infantil.

MÚSICA. A pesar de que no panorama musical sempre foi o folk o sector máis identificado co galego (con grupos e artistas tan salientábeis como Milladoiro, Luar na Lubre, Berrogüetto, Carlos Núñez ou Uxía Senlle), está cobrando grande forza nas últimas décadas o emprego do galego noutras campos musicais como o pop-rock, en todas as súas modalidades: desde os pioneiros Goma 2 ou Os Resentidos dos anos 80 até os actuais Ataque Escampe, Nao, Diosketecrew, Ses, Ru-xe-Ruxe ou Terbutalina.



1.2.10. Ámbito educativo.

A lexislación que regula o uso do galego no nivel educativo emana da *Lei de normalización lingüística* (1983). Con anterioridade, o chamado *Decreto de bilingüismo* (1979) establecera por primeira vez a obrigatoriedade do ensino do galego no sistema educativo oficial non universitario, a partir do curso 1979-80, mediante a implantación das materias de Lingua galega e Literatura galega.



A *Lei de normalización lingüística* dedica o seu título III ao uso do galego no ensino. Declara o galego lingua oficial de toda a comunidade educativa e recoñece o dereito de todos os nenos galegofalantes a recibir o seu primeiro ensino na súa lingua materna. Como desenvolveamento desta lei, foron aparecendo sucesivos decretos para regular o emprego efectivo do galego nos niveis non universitarios. O máis avanzado deles, o de xuño de 2007, baseado no Plan de Normalización Lingüística aprobado no 2004, establecía o emprego do galego con carácter xeral nos centros de ensino de toda Galiza como vehículo de expresión nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros, como actas, comunicados, horarios, rótulos, anuncios ou avisos ao público inseri-

dos nos taboleiros, etc. e pretendía garantir un emprego do galego como lingua vehicular das diferentes materias nun mínimo do 50% das clases, tanto a nivel oral como a nivel escrito.

En maio de 2010, promulgouse o decreto actualmente en vigor (79/2010), que supón, por primeira vez desde a oficialización do galego, un retroceso na súa promoción e no seu uso efectivo nos centros de ensino, ao diminuír a porcentaxe de clases que deben ser impartidas en galego e non garantir o dereito ao primeiro ensino nesta lingua. Alén diso, introduce cuestións moi controvertidas, como a consulta ás familias ou a decisión dos claustros dos centros á hora de decidir importantes parcelas no emprego das dúas linguas oficiais no ensino.

A pesar da importancia da existencia dunha lexislación que defenda, con maior ou menor fortuna, o dereito do alumnado galegofalante a ser educado na súa propia lingua, a realidade que se vive hoxe en día nos centros de ensino demostra que o galego non progresou o suficiente en canto á súa utilización como lingua vehicular doutras materias, sobre todo nos niveis de menor idade. Na educación infantil, as clases en castelán duplican ás de galego. Nas cidades, a porcentaxe de emprego exclusivo ou maioritario do castelán nesa etapa chega até o 97,58 %. Na educación primaria, a aprendizaxe inicial da lectura e a escrita en lingua galega non supera o 17,2 %. A situación mellora nos centros de secundaria, se ben o castelán segue a ser maioritario tamén neste nivel, a pesar de que a lexislación garanta un emprego



igualitario das dúas linguas oficiais. En canto ás universidades, o nivel do emprego do galego na docencia é moi inferior ao ensino non universitario: unicamente nun 19% das clases

se emprega o galego como lingua exclusiva ou maioritaria, a pesar de que un 52% do alumnado declara empregar máis o galego que nos institutos.

1.3. Competencia e usos individuais na actualidade.

O coñecemento dunha lingua, a capacidade dos individuos para usala é un requisito imprescindible para o seu emprego. Pero, aínda sendo un indicador que se debe ter en conta, o que sinala o grao de normalización social dun idioma é o uso efectivo que se fai del.



Segundo se desprende das últimas estatísticas oficiais (IGE, 2014), polo que respecta ao **coñecemento** do galego na nosa comunidade, obsérvase un claro desfase entre as competencias orais e escritas. A nivel oral, a práctica totalidade da poboación declara entendelo (99,16 %) e unha elevada porcentaxe afirma poder falalo cun bo nivel de corrección (86,93 %). A situación cambia considerabelmente nas competencias escritas: só arredor dun 70 % da poboación se declara con capacidade suficiente para ler en galego e unicamente un 60 % para escribir neste idioma.

Esta situación anómala é o resultado dos ava-

tares históricos polos que pasou o galego, practicamente privado durante séculos dos usos escritos e reducido a lingua de expresión exclusivamente oral e familiar. Ademais disto, non hai que esquecer que a aprendizaxe da lectura e da escrita se realiza normalmente na escola e a presenza do galego no sistema educativo é relativamente recente e, aínda hoxe en día, minoritaria, de xeito que a grande maioría da poboación foi alfabetizada exclusivamente en castelán.

Polo que respecta ao **uso** efectivo da lingua, o galego é o idioma empregado de maneira total ou maioritaria por un 51,49 % da poboación da nosa comunidade. Con todo, este uso varía de maneira significativa segundo a idade, o lugar de residencia e o nivel socio-cultural dos falantes. Mentres máis dun 73,82 % dos falantes maiores de 65 falan só ou maioritariamente en galego, nos falantes menores de 15 anos a porcentaxe cae ata un 25,11 %. A *transmisión xeracional* de pais a fillos que secularmente, mesmo nos períodos máis difíciles, funcionou como método de pervivencia da lingua, hai tempo que deixou de funcionar con normalidade. A consecuencia desta situación é clara: a pesar de que o proceso de perda de falantes entre a poboación máis nova parece que se está a frear nos últimos anos, a medida que as vellas xeracións vaian desaparecendo, as porcentaxes de uso do galego reduciranse de maneira significativa.

Outro dos factores que condiciona a lingua habitual dos galegos é o lugar de residencia. Seguindo unha tendencia xa claramente constatada desde o século XIX, o galego é absolutamente dominante no medio rural: un 83,30 % dos falantes do rural exprésanse única ou preferentemente en galego. A porcentaxe descen-

de considerabelmente nas vilas (56,55 %) e sobre todo nas cidades (32,50 %). Neste último medio é de destacar un grao de desgaleguización moito maior no centro urbano que nas periferias, onde a maior concentración de poboación procedente do rural eleva o índice de emprego do galego a niveis superiores aos das vilas.

O nivel de estudos dos falantes é tamén un

factor determinante na escolla da lingua de expresión: o galego domina claramente nas persoas de menos estudos e de nivel cultural máis baixo e o castelán é a lingua predominante entre os que posúen unha formación universitaria. Este factor está vinculado ao status económico: en liñas xerais, os sectores economicamente máis fortes exprésanse en castelán e os de menores recursos, en galego.

1.4. O proceso de normalización lingüística.

A situación de coexistencia diglósica, conflitiva e desequilibrada entre castelán e galego pode levar cara a unha progresiva desaparición deste, conforme a un proceso xa experimentado por outras linguas en situación análoga (*substitución lingüística*). Para evitalo, é imprescindible normalizar o seu uso. A normalización é o proceso de recuperación por parte dunha lingua de funcións e ámbitos de uso que lle foron usurpados, así como da súa dignidade e aceptación por parte da propia comunidade lingüística. Pretende converter unha lingua en vehículo habitual e normal de comunicación entre os cidadáns dunha comunidade en todas as súas actividades. A normalización debe, por tanto, afianzar o emprego da lingua, evitando a súa desaparición e, por outro lado, mellorar o seu prestixio social e a súa situación legal, equiparándoa á lingua tradicionalmente hexemónica.


Nos últimos tempos producíronse modificacións importantes no que se refire á actividade normalizadora do galego. Como xa quedou dito, o galego avanzou en moitos ámbitos e usos sociais dos que antes se encontraba apartado. A actual lexislación mellorou considerablemente a súa posición, permitindo así mesmo que entrara en dous sectores particularmente importantes para as linguas: o ensino e os medios de comunicación. Mais, a pesar deste avance, cabe resaltar elementos negativos: o seu uso é aínda moi minoritario neses campos fronte ao castelán e, o que é máis grave, o galego continúa a retroceder como primeira lingua nos sectores máis novos da poboación.



Os elementos fundamentais que interveñen no proceso de normalización son tres: **a acción institucional do poder político, a acción colectiva non institucional e a acción individual**. O primeiro destes elementos, de vital importancia, está a manifestarse claramente inoperante. No ámbito da administración pública, a institución que centraliza a función normalizadora é Secretaría Xeral de Política Lingüística. Este organismo, de manifesta ineficacia até agora, limitouse a promover cursos de lingua para diversos tipos de profesionais e a difundir algunhas campañas, de dubidosa efectividade, de fomento do uso do galego. Pero en ningún caso liderou, como se debía esperar, o proceso normalizador, ao non dispor dunha planificación lingüística adecuada e dunha visión global do conflito. De feito, o galego é a única lingua de España que, desde a proclamación da cooficialidade, perdeu falantes.

Até o 2005, mesmo se partía da base desde a Administración de que o galego non se encontraban xa en situación conflitiva e practicamente estaba culminada a súa normalización, con-

formando co castelán un idílico *bilingüismo harmónico*. As políticas lingüísticas dos gobernos posteriores, de distinto signo, non aportaron polo de agora grandes novidades.



A máis ambiciosa iniciativa a prol da normalización do galego dos últimos anos foi a elaboración do **Plan Xeral de Normalización da Lin-**

gua Galega, aprobado por unanimidade en setembro de 2004 no Parlamento de Galiza. O Plan consta de 445 medidas destinadas a potenciar o galego para lograr o seu uso por parte da poboación en todos os niveis e funcións. Co fin de abranguer todos os ámbitos da sociedade, divídese en oito sectores, cada un deles dedicado a un campo concreto:

- 1.- Administración
- 2.- Educación, familia e mocidade
- 3.- Medios de comunicación e industrias culturais
- 4.- Economía
- 5.- Sanidade
- 6.A.- Sociedade: servizos sociais, crenzas relixiosas e inmigración
- 6.B.- Sociedade: asociacionismo, deporte, lecer e turismo
- 7.- Proxección exterior da lingua

A pesar das grandes expectativas que xerou, o Plan non chegou nunca a levarse á práctica e aínda a día de hoxe espera a que haxa vontade política para poñelo en funcionamento.

A ineficacia institucional deu pé á aparición nas últimas décadas dunha serie de grupos que asumiron distintas iniciativas normalizadoras. O principal é a Mesa pola Normalización Lingüística, creada en 1986, que dirixe o seu labor en dúas direccións: elevar propostas normalizadoras ás institucións e organismos oficiais e promover todo tipo de actividades que potencien o uso do galego ou sirvan para denunciar a súa

marxinación e aquelas actuacións que incumpren a normativa en materia lingüística.

Con todo, o fundamental neste proceso é que o falante galego se decida a usar a lingua do seu país. De pouco serviría unha planificación institucional impecábel ou unha intensa actividade de asociacións de fomento da lingua, se o elemento básico da sociedade, o individuo, non asumise o seu papel definitivo no proceso normalizador. A lingua, en definitiva, vive nos seus falantes e o día en que estes desapareceren quedará reducida a unha simple reliquia do pasado.

PRINCIPAIS LOGROS NO CAMIÑO DA NORMALIZACIÓN DO GALEGO

- ▶ 1978: A Constitución Española declara o galego lingua cooficial na nosa comunidade.
- ▶ 1979: Introdúcense as materias de Lingua Galega e Literatura Galega no ensino non universitario. En anos sucesivos o galego aumentará o seu emprego como lingua vehicular do ensino.
- ▶ 1982: Apróbanse as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, conseguíndose así a primeira normativa oficial do galego.
- ▶ 1983: Promúlgase a Lei de Normalización Lingüística.
- ▶ 1985: Comezan as emisións da RTVG.

1.5. Lexislación en materia lingüística.

O primeiro texto legal no que se recoñeceu a oficialidade da lingua galega foi o Estatuto de Autonomía de 1936, que nunca chegou a entrar en vigor. A lexislación vixente en materia lingüística deriva da **Constitución Española** de 1978, do Estatuto de Autonomía e da Lei de Normalización Lingüística. No artigo 3º da Constitución declárase a cooficialidade do galego no ámbito da comunidade autónoma de Galicia. Trátase, porén, dunha cooficialidade asimétrica, na que existe unha lingua efectivamente oficial, o castelán, e outras linguas cunha oficialidade secundaria ou subalterna: o galego, o catalán e o éuscaro. Para estas linguas recoñécese o dereito a empregalas, pero non se exige o deber de coñecelas.

Constitución Española.

Título preliminar. Artigo 3.

O castelán é a lingua española oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de a coñecer e o dereito de a usar. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

En 1979, promúlgase o denominado **Decreto de Bilingüismo**, que establece por vez primeira a obrigatoriedade do ensino do galego no sistema educativo oficial en todos os niveis non universitarios a partir do curso 1979-80. Con todo, a obrigatoriedade está limitada por unha serie de exencións que non existen para o ensino obrigatorio do castelán. Por outra parte, o seu uso como lingua vehicular na etapa inicial está condicionado a que non se prexudique a ningún que desexe utilizar o castelán.

En 1981, o **Estatuto de Autonomía** referenda

Estatuto de Autonomía.

Título preliminar. Artigo 5.

Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

a oficialidade da lingua galega, que aparece caracterizada no seu artigo 5º como "lingua propia de Galicia". Mantén, porén, o desequilibrio favorábel ao castelán á hora de establecer os dereitos e as obrigas lingüísticas dos cidadáns. Estabelécese unha actuación por parte dos poderes públicos de Galicia tendente a potenciar o uso do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa e de dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.



A **Lei de Normalización Lingüística**, publicada en 1983, consta de 25 artigos recollidos en seis apartados nos que se presenta unha normativa xeral sobre o uso do galego nos diferentes campos da nosa sociedade: a educación, a administración pública, a administración local, a xustiza, os medios de comunicación públicos, as actividades comerciais e mercantís, etc. É un marco legal xeral que se ve posteriormente concretado por unha serie de ordes e decretos que desenvolven os seus contidos.

No ano 2004 apróbase o **Plan de Normalización da Lingua Galega**, que establece medidas concretas para fomentar e estender o emprego do galego en todos os sectores da poboación.

Como desenvolvemento da Lei de Normalización Lingüística, foron publicándose sucesivos decretos e ordes para regular o emprego do galego no ámbito educativo. o Decreto 124/2007 indicaba que no ensino non universitario o alumnado debería recibir un mínimo do 50 % da docencia en galego. No ano 2010 promúlgase o Decreto 79/2010 (coñecido como **Decreto de Plurilingüismo**), actualmente en vigor, que anula a posible discriminación positiva para o uso do galego (avalada en varias ocasións pola Carta Europea das Linguas) e establece un

Lei de Normalización Lingüística.

Título 1. Dos dereitos lingüísticos de Galicia.

Artigo 1. O galego é a lingua propia de Galicia. Todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e usalo.

Artigo 3. Os cidadáns poderán dirixirse aos xuíces e tribunais para obter a protección xudicial do dereito a empregar a súa lingua. Os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

Artigo 10. Os topónimos de Galicia teñen como única forma oficial a galega.

emprego equilibrado das linguas galega e castelá (e inglesa, no caso das ensinanzas plurilingües). Así mesmo, establece a obrigatoriedade en Primaria e a ESO do emprego do galego nas materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias Naturais e Bioloxía e do castelán para Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía.

2. Construción da variedade estándar da lingua galega. Interferencias e desviacións lingüísticas.

2.1. A necesidade dunha variedade estándar.

Un dos campos básicos no proceso de normalización dun idioma é a normativización lingüística. Consiste na elaboración dunha variedade estándar de lingua que funcione dentro dunha comunidade determinada como modelo de corrección idiomática. Normativizar unha lingua é elaborar un código formal común e válido para todos os falantes dunha comunidade, a través da plasmación dunha ortografía, unha gramática e un dicionario do idioma. O obxectivo é,

pois, a fixación dunha norma fónica, gráfica, morfosintáctica e léxica que sirva para o uso correcto da lingua.

A normativización dunha lingua é en determinada maneira un proceso convencional polo que supón de escolla arbitraria de formas de entre as variedades faladas dunha lingua, pero debe basearse sempre na súa realidade lingüística, así como na súa historia.

FUNCIÓNS DO ESTÁNDAR

- ▶ Serve de modelo de referencia para a alfabetización.
- ▶ Fortalece a conciencia de que se está a falar unha lingua diferenciada das outras (e non unha variedade ou dialecto doutra).
- ▶ Crea sentimento de unidade lingüística entre os falantes das diferentes áreas dialectais.
- ▶ Aumenta o prestixio da lingua.
- ▶ Permite transmitir información de xeito que só nos centremos no contido e non na forma, xa que evita que a aparición de formas diferentes da lingua común (ou da variedade propia de cadaquén) chame a atención e distraia da apreciación do contido.

2.2. O proceso de normativización do galego moderno.

O galego, sometido desde o século XVI a unha situación diglósica que o reduciu ao ámbito oral, experimentou un proceso de deterioración do seu sistema lingüístico, alterado polas interferencias do castelán, sufrindo unha disolución da súa unidade básica ao carecer dunha norma culta que servise como modelo ou elemento uniformizador. Cando, no século XIX, gaña de novo espazo escrito, os escritores encóntranse cun idioma fragmentado e rusticizado, de vocabulario limitado ás realidades máis primarias, que suplía as súas insuficiencias seguindo o modelo do castelán. Consagran así a fala dialectal e castelanizada das súas respectivas comarcas a nivel literario, na fase denominada **dialectalismo** (emprego na escrita da variedade lingüística propia da fala da zona de procedencia de cada escritor, reflectindo, por tanto, os dialectalismos propios da comarca, así como numerosos vulgarismos e castelanismos presentes na lingua oral).

Aínda que sobre o galego do século XIX domina o criterio lingüístico dialectal, a conciencia da necesidade dun idioma unificado na escrita comeza a ser sentida por un certo número de escritores. O medio de superar esa excesiva dependencia localista será o **interdialectalismo**, isto é, a mestura indiscriminada e carente de coherencia de elementos procedentes das diferentes variantes dialectais do galego. Os escritores, a medida que van coñecendo outras

variedades dialectais (pola lectura ou polo coñecemento directo da fala doutras zonas), comezan a empregar, de xeito incoherente e pouco sistemático, formas dialectais propias doutras comarcas.

A anarquía e a diversidade na que se move a lingua leva a escritores e estudosos a reclamar, xa desde a metade do século XIX, a necesidade de elaborar un criterio unificador e unhas



pautas ortográficas, iniciándose unha fase denominada de **supradialectalismo**, que pretende a consecución dun galego culto e unificado que supere os localismos e estea depurado de vulgarismos e castelanismos. Este galego común (e literario) non debe axustarse a ningunha variedade dialectal particular, pero deberá basearse en todas as variedades existentes.

Para Henrique Monteagudo, dialectalismo, interdialectalismo e supradialectalismo non serían tanto fases sucesivas do proceso normativizador como tendencias que coexisten en diferentes momentos da historia do galego moderno. As etapas sucesivas que propón son:

1) Galego popularizante (1810-1880). Caracterízase por ter como fonte e referencia principal o galego oral, con todas os problemas que isto representa (dialectalismos, vulgarismos, castelanismos) e por unha escasa ou nula intención codificadora.

2) Galego enxebriante (1880-1936). Caracterízase polo predominio da tendencia diferencialista con relación ao castelán e a exaltación da dimensión *enxebre* da lingua. Os escritores comezan a sentir a necesidade de crear un modelo único de lingua escrita. Pero introducen numerosos arcaísmos, vulgarismos e hipergalguismos.

3) Galego protoestándar (1936-1982). Caracterízase pola simplificación ortográfica (eliminación de apóstrofes, guións, acentos circunflexos e graves, que con tanta profusión se empregaran até entón) e polo predominio da tendencia *purista* (preservación da lingua do influo foráneo, especialmente do castelán).

4) Galego estándar (1982 até a actualidade). Caracterízase pola procura dun galego supradialectal que se manifesta na consecución e difusión dunha normativa unificadora común para os usos cultos.

“Foy éste o móvil principal que m’impeleu a publicar este libro, que máis que naide conoço que necesita á indulxencia de todos. Sin gramática nin regras de ningunha clás, ó lector topará moitas veces faltas d’ortografía, xiros que disoarán ôs oídos d’un purista...”

Rosalía de Castro (1863)

É mester que, xa que tanto panforreamos pol’ a importancia que catro ou seis bos esquireiros conseguiron darll’ a lingua gallega, percuremos sin sosego a máis completa unidade n-o que se refira â perfeución d’a nosa lingua estabrecendo regras fixas e preceutos gramaticás que desterren d’unha vez ése desbaraxuste que nos espón ô descreto d’os estranos.

Luciano Cid Hermida (1891)

O CAMIÑO DA NORMATIVIZACIÓN. PRINCIPAIS ACHEGAS

- ▶ **1906:** nace a Real Academia Galega, co obxectivo de redactar unha Gramática e un dicionario normativos. Non realiza a Gramática e apenas chega á letra C na publicación do dicionario.
- ▶ **1919:** as Irmandades da Fala publican o *Compendio de gramática galega*.
- ▶ **1933:** o Seminario de Estudos Galegos aproba as *Normas pra a unificazón do idioma galego*, que ten unha unha importante difusión.
- ▶ **1970:** a Real Academia publica unhas *Normas ortográficas do idioma galego* e o Instituto da Lingua Galega (ILG) publica tres manuais para a aprendizaxe do galego que supoñen unha proposta de estándar.
- ▶ **1977:** a AS-PG publica as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*.
- ▶ **1979:** Montero Santalha publica as *Directrices para a reintegraçom lingüística galego-portuguesa*, onde presenta unha normativa de tipo reintegracionista.
- ▶ **1982:** A RAG e o ILG publican conxuntamente as *Normas morfolóxicas e ortográficas do idioma galego*, que, logo da súa aprobación no Parlamento, se converten na primeira normativa oficial do galego.

2.3. A normativa do galego. Outras tendencias normativizadoras

A escolla dun modelo normativo ten sido e é unha cuestión controvertida que enfrontou, ás veces de maneira radical, os sectores filolóxicos e sociais do noso país. A polémica principal suscítase entre os partidarios de dúas concepcións da lingua galega claramente opostas, as denominadas **oficialista** ou *rexeneracionista* e *reintegracionista* ou *lusista*.

A primeira entende que o galego é hoxe en día unha lingua totalmente independente, xa desvinculada do portugués. Baséase nunha decisión de tipo pragmático: tendo en conta a delicada situación social na que se encontra o galego (diminución do número de falantes, falta de concreción dos planos normalizadores), acepta un modelo de lingua desvinculado da

súa tradición histórica (e por tanto do portugués) e adopta como propia unha ortografía herdada do castelán. Entende que, ao teren sido alfabetizados nesa ortografía todos os falantes galegos, será mellor asumida socialmente que

outras que resulten menos familiares, e iso contribuirá á instalación social do galego.

A corrente **reintegracionista**, baseándose en criterios históricos, defende a aproximación ortográfica ao portugués, ao considerar que galego e portugués continúan a constituír un único sistema lingüístico, o galego-portugués, a pesar das diferenzas que foron aparecendo entre ambas as variedades desde a Idade Media. A imposibilidade de concordia entre as dúas tendencias propiciou o desacordo e a creación de dúas normas antagónicas: a postura reintegracionista aglutinou-se en torno á Associação Galega da Língua (AGAL) que, en 1985, publicou as súas normas no *Prontuário ortográfico galego*.

Cun ánimo de consenso entre ambas, apareceron outras normativas intermedias, representa-



das en principio polas denominadas *normativas de mínimos*, apoiadas por un amplo sector social, entre as que destacan as *Orientacións para a escrita do noso idioma* da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega.

A normativa que, en 1982, seguindo a tendencia rexeneracionista, redactaron o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega, á petición da Xunta, as *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego*, foi declarada oficial polo Goberno autónomo o 17 de novembro de 1982. Desde entón sufriu dúas revisións de pouca transcendencia, a primeira en 1995 e a segunda en 2003 (presentada esta como unha normativa de concordia que integrou algunhas das pretensións da normativa de mínimos).

A elaboración desta normativa fíxose atendendo aos seguintes criterios:

1. A lingua normativa ha de ser necesariamente continuadora da fala real da comunidade, se ben deberá ser depurada de todo canto haxa de alleo a ela (a causa, esencialmente, da presión sufrida polo castelán).
2. O galego normativo, para ser unha lingua que poida ser empregada por todo o pobo, non pode basearse nun único dialecto ou variedade xeográfica. Ha de ser, pois, supradialectal e lograr que o maior número de falantes se identifique coas solucións acordadas.



3. O galego estándar debe ser fiel á tradición da lingua, de xeito que as formas tradicionais sexan preferidas ás máis innovadoras e evolucionadas e que teñan prioridade as formas xa consagradas na tradición literaria.

4. As escollas normativas han de ser harmónicas coas outras linguas, en especial coas lin-

guas máis emparentadas co galego e en particular co portugués.

En conclusión, preténdese con esta normativa conseguir unha lingua común asentada na fala, pero depurada de castelanismos, supradialectal, enraizada na tradición e coherente e harmónica coas demais linguas de cultura.

1.- Normativa oficial

Hoxe o galego encóntrase na encrucillada de que orientación ortográfica utilizar, concretada nunha normativa ou non. Poderíase empregar unha liña foneticista, que poucos defenden porque nos illaría do contexto xeral das linguas occidentais, que non se rexen por tal criterio, sintetizado en que a cada fonema lle corresponde unha letra. Podería tamén utilizarse unha grafía etimoloxizante a ultranza, que nuns aspectos nos acercaría á ortografía española e, noutros, á portuguesa.

2.- Normativa reintegracionista [Norma AGAL]

Hoje o galego encontra-se na encruzilhada de que orientação ortográfica utilizar, concretizada nunha normativa ou nom. Podería-se empregar umha linha foneticista, que poucos defendem porque nos isolaria do contexto geral das línguas ocidentais, que nom se regem por tal critério, sintetizado em que a cada fonema lhe corresponde umha letra. Podería também utilizar-se umha grafia etimologizante a ultrança, que nuns aspectos nos acercaría à ortografia espanhola e, noutros, à portuguesa.

3.- Normativa de mínimos

Hoxe o galego encontra-se na encrucillada de que orientación ortográfica utilizar, concretada nunha normativa ou non. Podería-se empregar unha liña foneticista, que poucos defenden porque nos isolaria do contexto xeral das línguas ocidentais, que non se rexen por tal critério, sintetizado em que a cada fonema lle corresponde unha letra. Podería tamén utilizar-se unha grafía etimoloxizante a ultranza, que nuns aspectos nos acercaría á ortografía española e, noutros, á portuguesa.

2.4. Interferencias lingüísticas

Cando dúas linguas comparten un mesmo territorio, é normal que se produzan influencias entre elas. Estas influencias son de variados tipos e presentan un carácter desigual: a lingua de maior prestixio inflúe sobre a outra de maneira máis intensa.

A interferencia dunha lingua na outra prodúcese cando unha persoa bilingüe introduce palabras ou estruturas alleas á lingua na que fala, dunha maneira indesexada e inconsciente e por unha certa incapacidade para manter separados os dous códigos.

2.4.1. Tipos de interferencias segundo a súa natureza

Denomínase interferencias lingüísticas á introdución nunha lingua de elementos ortográficos, fonéticos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos procedentes doutra lingua veciña ou coexistente con ela. As interferencias son, por tanto, un proceso de contaminación lingüística que pode chegar a producir serios danos na norma lingüística do idioma socialmente máis débil. No noso caso, a grande semellanza estrutural existente entre galego e castelán (gramática e fonética próximas e numeroso léxico común ou moi semellante) favorece a incidencia deste fenómeno.

Podemos distinguir os seguintes tipos de interferencias, atendendo á maneira de influír a lingua interferidora no falante no momento de se comunicar na lingua interferida:



a) Interferencias de transposición. Consisten en empregar nunha lingua elementos (normalmente palabras, pero tamén estruturas) que lle son alleos e que substitúen aos propios de maneira circunstancial ou, ás veces, definitiva. É o caso dos castelanismos léxicos (*grifo, tenedor, paloma, dulce...*) ou da colocación do pronome

átono segundo a sintaxe castelá, por exemplo (*che dixen que non*)

b) Interferencias de converxencia. Prodúcese cando entre dúas posibilidades que ofrece a lingua interferida se opta sempre por aquela que coincide coa da lingua que interfere. Observémola, por exemplo, na escolla sistemática de vocabulario coincidente co castelán nos casos de sinonimia (uso exclusivo de *encontrar, difundir, investigar* en lugar dos tamén válidos *atopar, espallar, pescudar*) ou no uso do infinitivo non conxugado.

c) Interferencias de diverxencia. Representan un proceso inverso ao anterior, é dicir, entre dúas posibilidades válidas escóllese sempre a diferente da lingua que interfere. É unha maneira indirecta de reflectir a presión da outra lingua que se mostra no rexeitamento de trazos ou voces coincidentes e, en consecuencia, supón un empobrecemento semellante ao provocado polas interferencias de converxencia. Constatámolo, por exemplo, no emprego, ás veces forzado ou reiterativo de trazos supostamente identificadores do galego, como o complemento de solidariedade, ou no diferencialismo léxico (uso exclusivo de *bágoa, beizo, mercar* en lugar dos tamén válidos *lágrima, labio, comprar*).

d) Ultracorreccións. Representan, como as interferencias de diverxencia, un afán diferencialista da lingua que interfere, pero neste caso a forma escollida non é correcta: créase de xeito artificial conforme ás habituais correspondencias fonolóxicas existentes entre ambas as linguas. É o caso dos *hipergaleguismos oficiña, hourizonte, primaveira...* que analizaremos no apartado 2.4.3.



2.4.2. As interferencias directas do castelán. Tipos de castelanismos

As interferencias directas do castelán no galego (castelanismos), se ben se manifestan fundamentalmente no aspecto léxico, afectan a todos os planos da lingua. Podemos falar por tanto das seguintes clases de castelanismos:

a) Castelanismos ortográficos.

Afectan unicamente á escrita. Preséntanos aquelas palabras galegas que se escriben conforme ás regras ortográficas do castelán, esencialmente no que respecta á acentuación (*¿qué queres?, compróu, fácilmente, éste*) e ao uso de *b, v e h* (*baranda, abogado, maravilla, automóvil, hirmán, ahí*)

b) Castelanismos fonolóxicos.

Son escasas as influencias do castelán neste

nivel e están asociados en maior medida ás novas xeracións. Son, entre outros a falta de distinción entre o timbre das vocais medias (*bola* fronte a *bóla* ou *présa* fronte a *presa*), a pronuncia próxima ao *s* do fonema palatal *x* ou a realización alveolar do *n* final en contextos nos que debe ser velar (*teñen-outro*). Tamén se poden considerar castelanismos fonéticos os préstamos léxicos do castelán no que o son fricativo velar do *j* é adaptado pola palatal galega *x* (*parexa, lentexa, texado*).

c) Castelanismos morfolóxicos.

Son moi abundantes e moi variados. Afectan a case todas as clases gramaticais. Podemos destacar, entre outros, os seguintes:

nomes	<ul style="list-style-type: none"> - uso incorrecto do xénero: <i>a leite, a sangue, o ponte, o viaxe...</i> - uso do artigo masculino diante de substantivos femininos que comezan por <i>a</i> tónico: <i>o auga, o aula...</i> - formacións do feminino e do plural incorrectas: <i>ferrolana, animales, israelíes, reies...</i>
verbos	<ul style="list-style-type: none"> - uso de verbos regulares conxugados como irregulares seguindo o modelo do castelán como <i>produxera, establezca...</i> - emprego de tempos compostos como <i>había feito, habería chegado...</i> - formais verbais conxugadas como en castelán: <i>lees, creín, veo, sabremos...</i>
pronomes persoais	<ul style="list-style-type: none"> - emprego de <i>te</i> no lugar de <i>che</i>: <i>botáronte a culpa</i> - emprego de <i>lle</i> no lugar de <i>o</i>: <i>non lle avisei a tempo</i>
outros pronomes e determinantes	<ul style="list-style-type: none"> - plurais <i>estos, esos, aqueles...</i> - uso de formas apocopadas inexistentes: <i>calquer, primer...</i> - uso de posesivos sen artigo: <i>encontrei teu libro...</i>
relativos	<ul style="list-style-type: none"> - uso do plural <i>quenes</i>

d) Castelanismos sintácticos.

Os máis frecuentes son os que afectan á colocación incorrecta do pronome persoal átono (*o escoitei na radio, lle manda saúdos* ou, por ultracorrección, *nunca esqueceréime dela*), ao

uso do pronome reflexivo en construcións reflexivas indirectas (*bebinme unha copa de augardente, lavouse as mans*) ou ao emprego da preposición *a* na perífrase *ir + infinitivo* (*vou a facelo*).

e) Castelanismos léxicos.


No léxico é onde máis se fai notar a interferencia lingüística do castelán. É certamente o nivel léxico aquel que é máis permeábel para a influencia doutras linguas, de xeito que mesmo linguas ben consolidadas e en situación de monolingüismo poden sufrir agresións externas. A grande magnitude da influencia léxica do castelán no galego explícase pola prolongada dependencia que esta lingua sufriu durante séculos, sen elaborar novas voces, perdendo moitas das tradicionais ao desapareceren as realidades ás que se referían e utilizando o castelán como modelo para incorporar outras novas.

Cómpre, de todos os xeitos, distinguir dous estratos diferentes de castelanismos léxicos: aqueles que se introduciron no galego para designar conceptos para os que o galego non dispoñía de voz propia (*respaldo, guerrilla, bolero, bocadillo*) e que por tanto son asumíbeis sen problemas pola lingua receptora; e aqueles que de maneira innecesaria desprazaron voces galegas xa existentes.

Dentro destes últimos, cabe destacar unha certa gradación con respecto á xeneralización do seu uso. Por un lado, encontramos castelanismos que conviven

coa forma galega, restrinxindo esta a uns valores que normalmente se asocian co máis tradicional ou menos moderno. É o caso das alter-

nancias *escoba/vasoira, grifo/billa* ou *moa/muela*. Outro tipo de castelanismo léxico constitúe a presenza da forma castelá adaptada fonoloxicamente ao galego, ás veces convivin-



do co castelanismo sen adaptar. Encontramos aquí casos como *axuntamento, carcaxada, carreteira* ou *almexa*. Por último, está a introdución da forma castelá sen ningún tipo de adaptación, substituíndo, ás veces de maneira absoluta na lingua popular, á forma galega. Así, formas como *árbol, igrexa, Dios, fecha, calle, adiós, peine, pueblo, rodilla, cuchara* son hoxe as máis empregadas na lingua oral espontánea en detrimento das correctas formas galegas.



f) Castelanismos fraseolóxicos.

Por fraseoloxía entendemos, en sentido amplo, o conxunto de modismos, frases feitas e sentenzas características dunha determinada lingua. En ocasións, adáptase a fraseoloxía do castelán mediante unha simple tradución das palabras que integran a expresión. Isto dá lugar tamén á substitución de expresións propias. Observámolo, por exemplo, nas seguintes frases: *chegar e bicar o santo, arrimar a ascua á súa sardiña* ou *correr un tupido veo*, tradución literal das castelás que en galego terían unha mellor expresión con *chegar e encher, varrer para a casa* e *botar terra ao asunto*. En ocasións, a literalidade da tradución leva a enunciados case inintelixíbeis, como *estar feito po* ('*estar desfeito, esgotado, derrotado*').

2.4.3. Outros fenómenos de desviacións da normativa estándar.

Ademais das influencias directas vistas no apartado anterior, o castelán inflúe de xeito indirecto ao provocar unha desmedida reacción *diferencialista* que leva en ocasións a rexeitar formas correctas coincidentes con esta lingua e

adoptar no seu lugar outras, incorrectas mais distintas do castelán e por iso vistas como "máis galegas". A busca da forma diferencial pode escoller variados camiños: a recuperación de arcaísmos, a introdución de formas vul-

gares ou dialectais ou mesmo a creación de formas inventadas.

Os **arcaísmos** son formas en desuso, que perderon vixencia na lingua e non deben ser empregadas na lingua moderna. Como consecuencia do coñecemento e lectura dos códices medievais, moitos escritores, sobre todo a inicios do século XX, descubriron formas medievais que, sendo diferentes das modernas, se apartaban ao mesmo tempo das castelás. Isto provocou que se identificaran como castelanismos voces galegas correctas coincidentes co castelán, como *conseguir*, *vez*, *título* ou *calumnia* e foran substituídas polas correspondentes formas arcaicas *conquerir*, *vegada*, *tiduo* e *caloña*.

Outra maneira de fuxir da confluencia co castelán foi procurar variantes dialectais que, a pesar de seren minoritarias ou teren unha menor vinculación coa lingua culta e literaria, foron preferidas nestes niveis de lingua por seren diferentes do castelán. Así, aparecen na lingua culta **dialectalismos** como *iste*, *il* ou *eiquí*.

Unha maior repercusión tivo a introdución de **vulgarismos** con afán diferencialista, que proliferarán no galego literario sobre todo no primeiro terzo do século XX. Son normalmente vulgarismos que afectan á fonoloxía da palabra, en todas as súas variantes (V. tema de Fonoloxía): supresión, adición e transformación de vogais, troco de posición de fonemas, etc. Deste xeito, encontramos as formas *ademirar*, *múseca*, *probe*, *espranza*, *leutor*, etc. en lugar das correspondentes voces galegas correctas e coincidentes co castelán.

Un paso máis alá na obsesiva procura do diferencialismos levou á creación de novos vocábulos. En ocasións, esta creación realízase mediante a aplicación dalgunha das habituais correspondencias existentes entre galego e castelán en casos onde non se manifesta tal relación. Son os denominados **hipergaleguismos** ou **hiperenxebrismos**.

O mecanismo para a creación dos hipergaleguismos responde sempre ao mesmo esquema:

Galego e castelán	Correspondencia indutora	Hipergaleguismo
nutriente	E-IE (ben-bien)	*nutrente
primavera	EIRA-ERA (primeira-primera)	*primaveira
brillar	L-LL (cabalo-caballo)	*brilar
colaborar	OU-O (pouco-poco)	*colabourar
gasolina	Ñ-N (poñer-poner)	*gasoliña
influencia	ZA - CIA (xustiza - justicia)	*influenza
	...	

Noutros casos, a invención obedece a creacións caprichosas, ás veces de procedencia individual, que en certas épocas chegaron a ter unha difusión bastante grande. Son formas co-

mo *televexo*, *rubidoiro* ou *cheúra*, afortunadamente xa totalmente desterradas da lingua, en lugar de *televisor*, *ascensor* e *enchente*.